

MUSEO LISTE – ETNOGRÁFICO DE VIGO

PROGRAMACIÓN 4º TRIMESTRE

(OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO)

2022



SALAS TEMÁTICAS

Os tecidos

Simboloxía dos oficios

O peche

A madeira escavada

A luz

A materialidade da fe

A arte de curar

Os cultivos tradicionais

A rotulación dos contidos permite a realización de
percorridos autónomos

VISITAS GUIADAS:

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

EXPOSICIÓN PERMANENTE

A remodelación da planta baixa do museo da vida a un novo espazo expositivo que acolle, amais da cultura do centeo e do rodado, outros cultivos transcendentais no agro galego como o millo, a pataca, a castaña e a vide.



ANCESTROS TECNOLÓXICOS

A exposición reflicte a evolución tecnolóxica a través dunha escolma de pezas organizadas en cinco ámbitos:

- O doméstico: da ampla produción de enxoval exhíbense batedores, picadoras ou reladores.
- O traballo: o auxe das tarefas administrativas determina a elección das máquinas de escribir.
- Os medios de comunicación: teléfono, radio e televisión marcan unha revolución mudando hábitos e formas de relacionarse.
- O ocio: o consumo da música mudou cos gramófonos, tocadiscos e radios pasando, estas, de ser un medio de comunicación a selo de lecer .
- A arte: representada pola fotografía e os aparellos que acompañaron ao ser humano no seu deveso por conxelar o tempo.

Lugar: Sala de Exposicións Temporais

Datas: prorrogada ata o 31 de decembro.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

ENTRADA GRATUÍTA



CONVITE AO AVECER

Investigación e creación de Nuria Ferreiro arredor da etnomedicina. A artista establece unha relación directa entre distintos campos de coñecemento como o son a etnografía, a antropoloxía e a arte contemporánea.

“O eixo de interese persoal radica no tema da etnomedicina, xa que, un exemplo de bens intanxibles que urxe conservar son os ensalmos que se empregan en ritos favorecedores ou propiciatorios e que son transmitidos oralmente de xeración en xeración. Os vencellos persoais que como autora me unen a estes textos teñen que ver coa miña nai Rosa, a miña avoa Celia e a miña bisavoa Alicia, pois o meu contacto con este particular mundo é a través delas”.

Os resultados artísticos sitúanse no ámbito da instalación e os materiais empregados, ademais de ser na súa maioría elementos cotiás que se empregan xunto coas verbas, funcionan como un nexo común entre as distintas obras.

Lugar: Sala de “A arte de curar”

Datas: ata o 31 de decembro.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

ENTRADA GRATUÍTA



O NADAL NA TRADICIÓN:

A PAIXÓN BELENISTA NO COLECCIONISMO PRIVADO

Como cada ano chegados ao Nadal, o museo exhibe unha escolma de beléns pertencentes a dúas coleccións privadas recentemente doadas ao museo.

Unha delas, a colección de microbeléns de Joseba Barturen, mostra a riqueza e diversidade de diversos artesanatos, sobre todo de países do continente americano.

A outra abrangue unha selección de presepios de procedencia portuguesa saídos, na súa maioría, das máns de recoñecidas sagas familiares de barristas do país veciño.

Lugar: Sala da Madeira Escavada

Datas: do 1 de decembro de 2022 ao 8 de xaneiro de 2023.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

ENTRADA GRATUÍTA



BUXAINAS E ASUBÍOS

Colección de Patuxa Limón, mestra de Educación Primaria e profesora de audición e linguaxe. Utilizaba os xoguetes como apoio para ensinar.

Aprender a enrolar o cordel e lanzar o trompo era unha aprendizaxe longa e laboriosa que levaba un tempo e xeraba competición entre nós. Polo que dedicarlle tempo a adestrar e mellorar a destreza era importante...

O meu traballo escolar como mestra sempre estivo ligado á literatura de tradición oral, as lérias e enredos para xogar, e foi a través deles e das propostas de recuperación dos xogos e xoguetes populares como retomei os trompos.

Paralelamente á colección dos trompos fun facendo a das buxainas, para min bailarinas, máis sinxelas de bailar xa que non precisan vestirse co cordel ...

Lugar: <https://museoliste.org/blog/>

Datas: : do 15 de marzo ao 31 de decembro.

EXPOSICIÓN VIRTUAL

VISITAR EN:

<https://museoliste.org/blog/>



SAMAÍN: MITOS E RITOS AGARDANDO UN NOVO ANO

Son moitos os substratos culturais que se superpoñen nunha celebración de tan afastada orixe. A cultura castrexa, a romanización, a influencia da relixión católica e os préstamos alleos, conformaron o Samaín que festexamos actualmente. Arredor seu, unha morea de costumes, lendas, rituais, dan vida a esta data.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: outros rituais arredor do Samaín.
- Parte práctica: realización de adobíos relacionados coa data.
- Xogo: “ Quen se senta á miña mesa?”

Os participantes poderán traer cabazas decoradas para o concurso.

Datas: do 18 ao 29 de outubro.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e Primaria.

ACTIVIDADES CÍCLICAS

1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



O NADAL:

REPRESENTACIÓNS ARREDOR DO NACEMENTO

Os beléns constitúen representacións artísticas arredor do nacemento de Xesús que poden acoller dende o misterio máis simple ata obras de arte con miles de figuras e esceas como as case 6000 figuras do coñecido Belén do Príncipe.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: orixe, historia, evolución e tipos de nacementos.
- Parte expositiva: colección de beléns da colección privada de Joseba Barturen e das de Xavier Maañón recentemente doadas ao museo.
- Parte práctica: realización dun pequeno belén que levarán como agasallo.

Datas: do 1 ao 17 de decembro.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e Primaria.

ACTIVIDADES CÍCLICAS

1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



OS SONS DO TRABALLO

Sons como a martelada do ferreiro, a máquina de coser da costureira, o chifre do afiador, proporcionánnos un punto de partida que nos introduce no mundo dos oficios a través de aspectos que poden resultar familiares, establecendo relacións que xeran coñecemento.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución con breve percorrido pola Sala dos Oficios.
- Parte práctica: recoñecemento de oficios e dos elementos que os definen protagonizados polos seus sons.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil e 1º Cíelo de Primaria (de 3 a 8 anos)

ACTIVIDADES ESPECIAIS

1 EURO POR PARTICIPANTE
PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



MARIANO MARCOS ABALO: A VIDA DEBUXADA

Debuxante e escritor, autor do célebre “Esconxuro da queimada” recitado, moitas veces, en múltiples celebracións en toda Galicia, sen coñecer a súa autoría.

Os seus debuxos son os protagonistas desta actividade como salvagarda dunha realidade etnográfica que recrea contidos do museo.

Desenvolvemento:

- Parte expositiva: exhibición de obras do artista: “As árbores”, “Os espantallos”, “As nosas cousas”.
- Parte lúdica: xogo de aprendizaxe e entretemento de recoñecemento de oficios, identificación de pezas ou configuración de debuxos seguindo simples trazos, ou acertixos por medio de seriados.
- Parte manipulativa: creación dun “Mouchiño de Mariano”.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Educación Primaria (de 6 a 12 anos)

ACTIVIDADES ESPECIAIS

1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



ENIGMA

Os xeroglíficos, as mensaxes cifradas e outras linguaxes gardaron información que, ás veces, segue a ser un misterio. Partindo da grande curiosidade que espertan, alimentando un deveso por coñecer que non sempre conseguimos resolver, convidamos aos participantes a mergullarse no seu enigmático mundo.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: breve introdución audiovisual ao mundo dos códigos, mensaxes cifradas e aspectos relacionados.
- Parte lúdica: xincana arredor do tema.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de E. S.O (de 12 a 16 anos)

ACTIVIDADES ESPECIAIS

1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



EN PERIGO DE EXTINCIÓN

Moitos oficios veñen desaparecendo por mor do avance tecnolóxico e mudanzas en usos e costumes. Tal é o caso dos carteiros, fareiros, reloxeiros, mineiros, ...

Desenvolvemento:

Parte teórica: introdución audiovisual aos oficios con especial atención aos que xa non existen ou están a piques de desaparecer.

Parte expositiva: pezas referidas aos oficios.

Parte colaborativa: implica aos participantes, con anterioridade a súa visita, a través dun pequeno traballo de campo sobre o tema, axudados polos materiais que lles serán enviados dende o museo (enquisas para traballo de campo e recollida de pezas que exporán na súa visita, ...)

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de E. S. O., Bacharelato e adultos.

ACTIVIDADES ESPECIAIS

1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



SENLEIROS E OS SEUS SENDEIROS

O obxectivo desta proposta é dar a coñecer personaxes senlleiros relacionados coa cidade a través dun audiovisual e da mostra de obxectos pertencentes a algúns deles. Trataranse figuras relevantes vencelladas a Vigo como Cesáreo González e o cine, Sanjurjo Badía e a fábrica La Industrialosa, Ángel Núñez e os emplastos Winter, López de Neira e a luz eléctrica, Pichón e a súa sona como compoñedor. ...

Desenvolvemento:

Parte teórica: achega á temática con apoio audiovisual

Parte expositiva e práctica: combina fotografías, pezas e un percorrido virtual polos recantos urbanos relacionados cos persoeiros.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de E. S. O., Bacharelato e adultos.

ACTIVIDADES ESPECIAIS

1 EURO POR PARTICIPANTE

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



GUÍAS DE SINGRADURAS: GARDANDO A RÍA

Os faros, boias, balizas e outras sinais relacionadas coa navegación marítima, constitúen un campo de estudo de gran interese para coñecer a historia da navegación, os seus elementos e, incluso, a nosa xeografía. De todos eles, os faros son, sen dúbida, as sinais máis recoñecibles e familiares, tamén representan a figura máis romántica, o fareiro ou torreiro, fiel gardián da seguridade marítima e dun estilo de vida que tiña máis de duro que de romántico e que os avances tecnolóxicos condenaron ao esquecemento.

A actividade constará de:

- Parte teórica: elementos sinaléticos, orixes, evolución e aspectos destacables a través de proxección.
- Parte práctica: recoñecemento e relación a través de paneis, fotografías e pezas.


Datas: a partir do 2 de novembro

Duración: 60 m.

Dirixido a: todos os públicos.

ACTIVIDADES ESPECIAIS

1 EURO POR PARTICIPANTE
PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



“Cando uns ollos pechan...” de David Marcos Del Río Martínez
(1º premio do VII Concurso Fotográfico -2020)

INSTRUMENTOS HUMILDES

Actividade que aborda con demostración práctica:

- Clasificación e breve historia dos instrumentos.
- Variedade nos modos de tocar.
- Variedade nos ritmos (alalá, muiñeira, alborada, ...)
- Momentos de uso (festas, foliadas, comparsas...)
- Mostras do cancionero popular (coplas, nanas...)
- Achegamento aos instrumentos doutras culturas.

O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos en:

- Obxectos construídos co fin de tocar.
- Obxectos de uso cotián utilizados como instrumentos.
- Xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos.

Monitora: Erica Iglesias Neira.

Duración: 60 m.

Dirixido a: todos os públicos.

TALLERES DE COÑECEMENTO

40 EUROS POR GRUPO

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE



MENCIÑA POPULAR: DOS SABERES ATÁVICOS

Charla sobre o traballo de investigación da artista Nuria Ferreiro sobre etnomedicina plasmado na súa produción artística xunto cun rico acervo persoal herdeiro dos saberes de varias xeracións de menciñeiras. Establece unha ponte entre arte e etnografía a través de “Convite ao avecer” en exposición no museo. Nas súas palabras:

“Convite ao avecer estivo convidándome a min mesma desde hai máis tempo do que penso e eu, non me podía negar a súa chamada. Polo camiño resolvín moitas preguntas das que, no fondo, xa tiña a resposta. Outros porqués aínda non espertaron en min, nin “por arte de maxia” se mostraron ante os meus ollos. Ás veces unha non está preparada para obter o que reclama. Ninguén dixo que mergullar nas propias raíces sexa tarefa fácil. Porén, todo me resulta familiar, o vieiro do avecer é semellante ao de crear”

Poñente: Nuria Ferreiro.

Data e hora : mércores 21 de decembro ás 17:30 h.

XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN

ENTRADA LIBRE



HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA

Xeral: 2 €

Reducido: 1€ (3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos).

Gratuito: menores de 6 anos; Centros de Ensino do Concello de Vigo e Asociacións da 3ª Idade do Concello de Vigo; exposicións temporais e actividades que así o indiquen; os mércores en horario de tarde agás as visitas guiadas.

CONTACTO

Tfno. 986 244 698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

ESPAZO “CO TEU CAN” (DOG FRIENDLY)

VISITE O NOSO BLOG: <https://museoliste.org/blog/>

